

## Secretaría Xeral

---

**De:** Juan Carlos Vazquez Veras [j.vazquez@oleiros.org]  
**Enviado el:** viernes, 12 de mayo de 2017 10:31  
**Para:** correo@fegamp.gal  
**Asunto:** MOCIÓN APROBADA POLO PLENO DO CONCELLO DE OLEIROS (SESIÓN 27-04-2017)  
**Datos adjuntos:** FEGAMP-MOCIÓN.pdf



Bo día,

Achego en formato PDF moción aprobada polo Pleno do Concello de Oleiros, de data, 27 de abril de 2017, en apoio á resolución da xunta de goberno da FEMP instando ó goberno do Estado e ós grupos políticos parlamentares do Estado á adopción de medidas legislativas tendentes e que permitan ás entidades locais ó reinvestimento dos seus superávits.

Saúdos



CONCELLO DE  
OLEIROS

Ref<sup>a</sup>.- alcaldía



A medio da presente, achego en formato “pdf” certificación da moción do goberno municipal da “Alternativa dos Veciños” aprobada na sesión plenaria de 27 de abril de 2017, en apoio á resolución da xunta de goberno da FEMP instando ó goberno e ós grupos parlamentares do Estado a adopción da medidas legislativas necesarias que permitan ás entidades locais o reinvestimento dos seus superávits.

Oleiros, 10 de maio de 2017.

O alcalde

Ángel García Seoane



**Federación Galega de Municipios e Provincias.-**

Rúa Varsovia, 4C-6º andar-Área Central.-

15707 Santiago de Compostela.-



CONCELLO DE  
OLEIROS

## ***Certificado***

M<sup>a</sup> Pilar Cela Alvarez, secretaria accidental do Concello de Oleiros (A Coruña).-

### **CERTIFICO:**

Que na sesión ordinaria do Concello Pleno que tivo lugar o día 27 de abril de 2017, adoptouse acordo sendo a súa parte dispositiva a seguinte:

**"6.1.- Moción do goberno municipal da "Alternativa dos Veciños" de apoio á resolución da xunta de goberno da FEMP instando ó goberno e ós grupos parlamentares do Estado a adoptar as medidas lexislativas necesarias que permitan ás entidades locais o reinvestimento dos seus superávits**

"O pasado 6 de abril de 2017, a xunta de goberno da FEMP aprobou por unanimidade unha resolución que insta ó Goberno e ós Grupos Parlamentares do Estado para que adopten as medidas necesarias engadindo unha modificación na Disposición Adicional 92 da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2017, permitindo ás Entidades Locais o reinvestimento dos máis de 7.000 millóns de superávit acadados no exercicio pasado de 2016.

A nomeada resolución baséase na exposición dos motivos seguintes:

As Entidades Locais españolas son a única administración pública que cumpre cos obxectivos de estabilidade. A súa contribución á redución do déficit público do Reino de España ante a Unión Europea foi determinante.

Desde o ano 2012, o conxunto das Corporacións Locais veñen xerando superávit de conformidade á táboa seguinte:

2012	0,32€ PIB	2.287 millóns €
2013	0,55€ PIB	5.474 millóns €
2014	0,53€ PIB	5.938 millóns €
2015	0,47€ PIB	5.094 millóns €
2016	0,64€ PIB	7.083 millóns €

Pero as restricións impostas o seu reinvestimento impediron que a cidadanía dos municipios españois vexan mellorada a súa calidade de vida, así os alcaldes e alcaldesas véñse en graves dificultades para explicar ós seus veciños que non poden atender as súas demandas a pesares de contar con recursos dispoñibles para elo.

Durante os derradeiros exercicios, a obriga de circunscribir o reinvestimento do superávit ó concepto de 'inversión financeiramente sostible' e de xerar novos ingresos pola mesma contía do reinvestimento, impediron realizar infraestruturas e prestar servizos demandados pola veciñanza.

A estas restricións, para 2017 súmase a de non poder facer ningún reinvestimento ata que os Orzamentos Xerais do Estado para este ano estean definitivamente aprobados, a finais deste semestre ou principios do próximo, facendo imposible a tramitación dos expedientes administrativos durante este exercicio.

Precisamente agora, cando mellor é o superávit das Entidades Locais españolas (7.083 millóns de euros, un 39% máis que no exercicio 2015, case que 26.000 millóns de euros, en termos agregados desde 2012) e cando o país por fin cumpriu o obxecto do déficit comprometido con Bruxelas, máis restricións ímos ter para facer uso duns recursos que son nosos e que deben ser utilizados en beneficio da nosa veciñanza.

Esta situación, a xuízo da xunta de goberno da FEMP -coincidindo con tódolos gobernos locais do noso país- non pode ser aceptada. Chegou xa o intre de que se nos permita o reinvestimento do noso superávit sen máis restrición que o cumprimento da estabilidade orzamentaria.

Por todo o exposto, o goberno municipal da "Alternativa dos Veciños" propón ó Pleno da Corporación de Oleiros a adopción dos acordos seguintes:

Praza de Galicia, nº 1 - Telf.: 981.61.00.00 - Fax: 981.63.10.29 15173 Oleiros (A Coruña)



**CONCELLO DE  
OLEIROS**

**Primeiro.-** Instar ó goberno do Estado e ós grupos parlamentares a que, pola vía de urxencia, adopten iniciativas legislativas que permita ás Entidades Locais españolas ó reinvestimento do seu superávit sen ter que xerar novos ingresos pola mesma contía, en calquera iniciativa que consideren oportuna para mellorar a calidade de vida dos seus cidadáns, co único límite de non poñer en risco a súa estabilidade orzamentaria.

**Segundo.-** Tendo en conta a entrada en vigor dos Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017, a Disposición Adicional nonaxésima segunda, deberá establecer que o prazo temporal para poder realizar o reinvestimento do superávit de 2016 nos termos sinalados contemple os exercicios 2017 e 2018, tanto en relación cos compromisos de gasto coma coas súas execucións. Polo tanto, quedaría sen aplicación legal o contido do parágrafo segundo do apartado 5 da Disposición Adicional decimosexta do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo RDL 2/2004, de 5 de marzo, en canto á condición de que o gasto executado no ano 2018 teña que estar comprometido no ano 2017, podendo comprometerse e executarse o gasto nos anos 2017 e 2018."

E para que conste expido este certificado en conformidade co que dispón o artigo 204 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF), de orde e co visto e prace do Sr. alcalde e coa advertencia á que fai referencia o artigo 206 do ROF citado e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta; Oleiros, 10 de maio de 2017.-

Vº e Prace  
O alcalde  
Ángel García Seoane